



POLO EUME

Club de Montaña O Carroucho

16 de Xaneiro de 2016

A ruta discurrirá polas Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. Dentro das súas 9.000 hectáreas de extensión viven menos de 500 persoas, o que dá unha idea do estado virxe destes exuberantes bosques que seguen o curso do río Eume. O parque ten a forma dun triángulo cuxos vértices e fronteiras serían As Pontes de García Rodríguez, Pontedeume e Monfero.

A mellor forma de coñecer o parque é a pé. Así, se un sabe ver, quizá descubra aos xogadores trasnos que habitan nel. Carballos, chopos, freixos, ameneiros, máis de 20 especies de fentos e 200 de liques danse aquí. Ás veces a vexetación é tan tupida que apenas deixa pasar a luz. Pero este bosque sombrío e secreto é xeneroso como as súas augas, fontes e fervenzas. Aquí non hai verde, aquí hai paisaxes de mil verdes. E escondido no corazón do bosque, o mosteiro de Caaveiro, un antigo cenobio con máis de 10 séculos de historia e unhas vistas espectaculares desta fraga máxica.



O mosteiro estableceuse no ano 934 para acoller aos numerosos anacoretas que vivían dispersos na zona. Pero pronto importantes doazóns engrandecen o seu patrimonio e concédennlle a xurisdición sobre vilas e freguesías eximíndoo da autoridade do arcebispado de Santiago de Compostela.

A ruta comeza na estrada que vai dende As Neves á central eléctrica do Eume de A Ventureira. Na parada alí habilitada para os autobuses sairemos a través du-

Datos Básicos

Comezo: estrada da Central

Remate: Teixido

Distancia lineal: 17 km.

Duración aprox.: 7 horas

Dificultade: Media

Altura máxima: 527 m

Altura mínima: 56 m

Acumul.: ↗1129 m / ↘788 m




na pista en descenso que nos levará ata o Rego da Laxe para entrar de cheo na Fraga e despois, moi preto do mosteiro que veremos máis tarde, comezaremos a subir por un camiño en zigzag polas fragas ás que a luz chega sempre velada pola enramada dos carballos, castiñeiros, biddeiros,... ata chegar á estrada da central e, despois, cara ao lugar dos Paces, Gunxel, A Estoxa e Os Dazos, dende onde, a través do camiño medieval, baixaremos cara ao mosteiro, onde teremos tempo de contem-

plar esta xoia do románico, pasando antes pola ponte medieval do Sesín e as ruínas do seu muíño.

Voltaremos de novo á ponte medieval para dende alí ir cara ao Eume polos Rumores do Sesín. Unha vez no Eume, atravesaremos a Ponte de Santa Cristina para, por un camiño de ribeira, dirixirnos á Central da Ventureira río arriba. Na ponte da Ventureira ascenderemos a antiga central eléctrica nunha dura subida e dende alí iremos ver a fervenza do Rego de Teixido.

Dende alí, e dependendo das condicións metereolóxicas e o cansazo, teremos dúas opcións: unha é voltar sobre os nosos pasos e descender de novo a Ventureira e subir un tramo de asfalto na busca do autobús, ou seguir polo camiño de Teixido en dirección aos miradoiros do encoro do Eume onde nos recollería o autobús.



Próxima cita:
13 Febreiro
Fervenzas de Carballo



O Carroucho
www.carroucho.org